

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026807	IES Félix Muriel	Rianxo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Proxecto competencial	3º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

## 1. Introdución

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3ºcurso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo no que se marca o obxectivo do desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurarán neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES Félix Muriel, de Rienxo. Esta vila atópase na península do Barbanza e está dividida en 6 parroquias (Rianxo, Leiro, Asados, Taragoña, Isorna e Araño), cun total de arredor de 12.000 habitantes. A meirande parte da poboación do concello repártese entre os concellos de Rianxo e Taragoña.

En canto á situación socioeconómica de Rianxo, cómpre dicir que se trata dunha vila cunha alta taxa de actividade laboral, centrada maioritariamente no mundo agrícola, pesqueiro e marisqueiro. A industria é escasa pero atopamos algunha fábrica conserveira e empresas de confección que dan emprego a moitas mulleres da localidade e dos arredores.

O perfil socioeconómico do noso alumnado é medio ou medio-baixo, con familias mileuristas que completan os seus ingresos con algunha actividade temporal.

O galego é a lingua de comunicación más emplegada entre eles aínda que, nos últimos anos, estase a observar un aumento da fala castelá.

O grupo seleccionado de 3º ESO, está composto por 28 alumnos e alumnas con necesidades moi diversas (3 alumnos repetidores, 3 alumnos con dislexia, 3 alumnos con TDAH, 1 alumnos TEA e outro alumno con problemas de sociabilidade). Aplicaranse os protocolos establecidos para facilitar o seu desenvolvemento académico e social.

Todos estos aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando convxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

**Descripción:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesión</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
1	A vida e a saúde. O decálogo dunha vida saudable.	Os alumnos determinarán os tipos de actividades que podemos fazer ao longo do curso, xirando en torno ao tema da vida e a saúde. Comenzaremos falando da vida saudable e dos aspectos básicos que se deben levar a cabo para a súa consecución. Postas en común individuais e en grupo. Farán por grupos un decálogo sobre a vida saudable para fomentar dentro da comunidade educativa e das súas familias, uns hábitos correctos para coidarse. Enquisa sobre hábitos entre o alumnado para analizar os resultados e crear gráficas que poidan axudar a visualizar, máis polo miúdo, cales son as costumbres maioritarias.	30	12	X		
2	Comemos ben?	O alumnado analizará a pirámide alimenticia e establecerán propostas de menús saudables para o día a día. Estudarase o etiquetado de produtos aparentemente saudables. Proposta para crear un horto ecológico no instituto en colaboración co equipo de Biocultura.	30	12		X	
3	A colleita	Recapitulación de todo o investigado durante o ano, propostas de mellora, concienciación do alumnado para comezar a levar unha vida saudable. Exposición dos resultados acadados.	40	11			X

**3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas**

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
1	A vida e a saúde. O decálogo dunha vida saudable.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia de levar unha vida saudable.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e proponer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Comemos ben?	12

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias nos niveis de calidade requeridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	A colleita	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto final composto por todas as investigacións e propostas feitas ao longo do curso. Analizar os resultados obtidos coa creación do horto ecolóxico.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Rumbo a unha vida saudable".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, determinarase a ruta a seguir sobre o que os distintos grupos queren investigar, partindo dunha idea común, "A vida saudable"

- O decálogo da vida saudable
- Que hábitos teñen os nosos compañeiros e compañeiras?
- Enquisa de hábitos, e posterior análise, dentro da comunidade educativa

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos, analizarán a pirámide alimenticia e os alimentos envasados que se poden mercar nun supermercado, a partir de diferentes soportes tanto físicos como virtuais.

- Folletos publicitarios

- Etiquetado de produtos
- Análise dos produtos más ofertados
- Presentación e colocación deses produtos no momento da venda ao público
- Posta en marcha dun horto ecolóxico

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará por grupos o seu produto final.

Terán liberdade no formato de presentación dándolle a máxima difusión dentro do centro educativo, exposicións nos taboleiros e corredores do centro, nas aulas...

Poderán elaborar uns carteis informativos, gráficas cos hábitos maioritarios, recomendacións básicas para levar unha vida saudable, venda dos produtos da horta e avisos á sociedade consumidora sobre produtos "aparentemente" saudables....Trátase de educar rumbo a unha vida o máis saudable posible, aprender a coidarse e saber entender o que mercamos.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo de maneira interdisciplinar cas seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Matemáticas (estatísticas sobre hábitos...)
- Economía (comparativas nos prezos)
- Tecnoloxía e dixitalización (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (deseño de cartelería ou traballos)

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador (Proxecto E-Dixgal)
Caderno TIL

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal. Ademais, traballan con E-Dixgal e teñen un ordenador portátil individual co que facer as súas investigacións e traballos, moitos dos cales poden presentar xa vía dixital.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial, fundamentalmente oral, baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

<b>Unidade didáctica</b>	<b>UD 1</b>	<b>UD 2</b>	<b>UD 3</b>	<b>Total</b>
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>30</b>	<b>30</b>	<b>40</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	<b>100</b>

#### **Criterios de cualificación:**

##### \*PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación do dossier informativo co plan de traballo. Escolla das diferentes actividades e presentación das mesmas a través de E-Dixgal (decálogo, enquisas e gráficas).
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega dos traballos de investigación sobre os alimentos (vídeos, información recompilada e arquivada, estudo de diferentes alimentos e etiquetados...)
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto. Valoración dos resultados do horto ecológico.

##### \* CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- Traballo de aula: 30%
- Entrega das actividades do proxecto: 70%

Como instrumentos de avaliação, empregaránse distintas listas de cotejo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaránse aspectos de trabalho cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais....

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliações parciais.

#### **Criterios de recuperación:**

No caso de que un alumno/o non realice as tarefas asignadas ou non cooperede adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliação parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumno/o teña dúas avaliações suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de respuesta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliação das materias pendentes**

Non aplica.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoyo Educativo serán deseñadas actividades de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula , estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo

de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Unha horta saudable	Posta en marcha dun horto ecolóxico en colaboración co equipo de Biocultura.			

### Observacións:

Participarase en calquera outra actividade que poida xurdir ao longo do curso e que sexa de especial interese para o alumnado desta materia.

### **8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

#### **Descripción:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación do alumnado no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

## **9. Outros apartados**